

Confederación  
Xeral  
do Traballo  
  
@CGT  
  
cgt.org.es  
  
rojoynegro.info



# 1<sup>o</sup> de Maio

---

A estafa continúa  
Seguimos nas rúas



## 1º de Maio: hai que tomar as rúas

Cúmprense agora 10 anos desta crise do sistema capitalista, unha crise que non é máis que outra ferramenta da gran patronal, das multinacionais e dos donos da banca, coa complicidade dun sistema político corrupto, para aumentar os seus enormes beneficios sempre á conta dos dereitos da cidadanía e especialmente da clase traballadora. Esta crise é en realidade unha gran estafa.

Levamos 10 anos nunha situación de emerxencia social, onde xa non só as persoas sen traballo están por baixo do limiar da pobreza, senón que máis do 14% destas persoas son pobres como consecuencia da precariedade dos novos contratos de traballo, con contratos parciais e soldos de supervivencia, que constitúe a nova realidade laboral de indignación. A iso súmase o retroceso no poder adquisitivo que sufriron as pensións, ocasionando que un de cada tres pensionistas estea por baixo dese limiar de pobreza, á vez que aumentou a brecha de xénero, tanto nos salarios coma nas pensións.

Enfrontámonos a un ataque ideolóxico e estratéxico que pretende que o que ata hai pouco tempo eran dereitos sexan agora negocio: a educación, a sanidade, as pensións... todo aquilo que en suma é noso, de todos e todas, está a converterse en dividendos para as grandes corporacións empresariais. A cambio obrígnanos a rescatar bancos e autoestradas, pagando unha débeda que non é nosa, pagando unha débeda que é ilegítima e que en gran parte procede da corrupción. Están a estafarnos.

Desde a CGT dicimos que non imos resignarnos a que os bancos sexan máis importantes que as persoas; desde a CGT negámonos a que boa parte dos servizos públicos sigan sendo privatizados e deteriorados; desde a CGT non consentiremos que se desmantele o sistema público de pensións; na CGT non aceptamos que a clase traballadora vexa reducidos os seus dereitos todos os días con novas reformas laborais.

É hora de que se produza unha repartición do traballo reducindo a xornada laboral, acabando coas horas extras e adiantando a idade de xubilación para que todos e todas podamos ter traballo. Deben recuperarse os servizos públicos privatizados, onde só sexa importante a súa eficiencia para que de verdade exista unha protección social que sexa pública e universal, para todas e todos. É imprescindible repartir a riqueza de xeito de que quen soporte a maior parte do gasto sexan as grandes fortunas e as corporacións, que son as que viron incrementados os seus beneficios con esta crise-estafa. Hai que acabar coa fraude e os paraísos fiscais.

Para a CGT a resignación non é unha opción, é hora de ocupar de novo as rúas, é máis necesario que nunca estar presente alí onde se producen situacións de inxustiza social, é necesaria unha mobilización permanente da clase obreira contra este sistema corrupto, convocando e participando en cantas mobilizacións sexan necesarias para conseguir unha sociedade autoxestionaria, antipatriarcal, ecoloxista, non racista nin xenófoba... libertaria.

**A ESTAFA CONTINÚA  
SEGUIMOS NAS RÚAS  
Viva o 1º de Maio**